

[borrador] CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E ULISES PROYECT EVENTOS ESPECIALES S.L.U. PARA A COLABORACIÓN EN ACTIVIDADES DO APARTADO MUSICAL DA XVIII EDICIÓN DO FESTIVAL O MARISQUIÑO DE VIGO 2018

COMPARECEN

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra, **Carlos Domínguez Fernández**, na súa calidade de administrador de **Ulises Project Eventos Especiales, SLU**. (en adiante Ulises Project), con CIF B36957132, con sede na Avenida Castrelos, nº 29, 2ºD, 36210 Vigo.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e


EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A **Axencia Galega das Industrias Culturais**, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Pola súa banda, Ulises Project é, segundo os seus estatutos, unha sociedade que ten como finalidade, entre outras, a realización de toda clase de eventos deportivos e culturais.





SEGUNDO.- Ulises Project organiza dende hai anos o considerado principal evento de cultura urbana do sur de Europa e pertencente á exclusiva elite de eventos "world cup", un evento no que se dan cita cada ano milleiros de afeccionados e profesionais das distintas disciplinas deportivas que acuden a disfrutar, así mesmo, das distintas propostas culturais que dotan de personalidade a esta cita. Nos seus 17 anos de historia, o Marisquiño vén ofrecendo diversas experiencias ao redor da cultura e do deporte dirixidas a públicos de todas as idades: competicións, concertos e actividades culturais e educativas.

Unha completa axenda deportiva, con probas puntuables para os seus respectivos campionatos do mundo, únese a unha programación musical, artística e cultural de calidade que pecha as noites do festival con bandas locais, nacionais e internacionais, e onde os dj teñen así mesmo unha presenza importante dinamizando as actividades do recinto. Esta actividade musical desprégas ao redor de catro espazos diferenciados: o escenario Superbock, onde se potencia a escena local, a galega e a portuguesa e no que prima o estilo pop, rock así como o hip hop e harwd core; o escenario La Isla, para propostas máis tranquilas e electrónicas; escenario Soundsystem, para sons máis negros como o funk e o reage; e o escenario Skate, para djs.

TERCEIRO.- A Agadic e Ulises Project consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2018 que profundicen na promoción e potenciación do sector cultural galego a través da colaboración neste festival, que destaca polo seu continuo esforzo en contar con ampla participación nacional e internacional de calidade, que gaña espazo cada ano, esforzo este que coincide plenamente coa liña de difusión e promoción cultural que a Agadic está a levar a cabo, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas singulares que aúnan a música e as propostas artísticas con programas doutras disciplinas e que transmiten, xuntas, valores de xuventude, modernidade, amizade, creatividade e riqueza cultural, creando unha marca de personalidade propia construída dende a coherencia e a credibilidade.


Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é a colaboración en actividades do apartado musical do festival O Marisquiño de Vigo, que celebrará a súa XVIII edición os días 10, 11 e 12 de agosto mediante unha variada programación que aúna música e propostas artísticas coas competicións estritamente deportivas. Bandas locais, nacionais e internacionais, que percorren os distintos





estilos musicais e unha presenza importante de djs, dinamizarán as actividades do recinto e pecharán as noites do festival.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO PROXECTO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto indicado estenderase dende a sinatura deste convenio ata o prazo máximo de vixencia nel establecido.

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas por Ulises Proyect nun proceso de colaboración continua coa Agadic. A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula sexta deste convenio, ambas as entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

Ambas entidades, a través dos seus representantes, asistirán a todos os actos públicos de presentación e difusión das actividades conveniadas, co obxecto de incidir nunha maior difusión e promoción do proxecto.

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da mutua colaboración así como a empregar os logotipos de ambas as entidades. Ulises Proyect comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a **imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia**, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, en todos os actos de comunicación pública que se realicen débese facer constar expresamente a **colaboración da Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia)**, no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese, ademais, a aplicar a achega económica prevista na cláusula sétima ás actividades obxecto do convenio e a realizar as actividades que lle son propias segundo o establecido na lexislación vixente.


CUARTA.-SEGUIMIENTO DO PROXECTO

Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción dos informes sobre a marcha do programa.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DO PROXECTO

Ulises Proyect informará ao interlocutor designado pola Agadic periodicamente sobre a marcha das actividades realizadas ao longo do programa. O proxecto de actuacións responderá ao previsto no programa de actividades.





SEXTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte de Ulises Proyect actuará como responsable desta comisión o seu administrador, ou persoa que designe en substitución.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, Agadic comprométese a achegar a Ulises Proyect a cantidade de **11.000 (once mil) euros, impostos incluídos**, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 10.A1.432.B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018.


Se por calquera circunstancia as actividades obxecto do presente convenio non foran realizadas ou non se axustaran ao plan previsto, Ulises Proyect quedará obrigada á devolución das cantidades percibidas.

O pagamento por parte da Agadic efectuarase en dúas fases:

- **50%** tras a sinatura do convenio, co obxecto de financiar as fases preparatorias das actividades conveniadas. Para iso, a entidade **debe facer entrega dun escrito acreditativo** de que xa se leva realizado tal porcentaxe de preparación e execución das fases preparatorias do proxecto.
- **50%** unha vez rematadas as actividades, e levarase a cabo unha vez xustificado o orzamento da actividade presentado no proxecto económico (**14.000 euros**) por parte da entidade, que debe facerse coa entrega, antes da data de remate de vixencia do convenio estipulada na cláusula décimo segunda, da **seguinte documentación**:

- **Memoria descriptiva das actividades desenvolvidas**, con indicación das posibles desviacións con respecto ao proxecto inicial presentado para a firma do convenio, e das súas causas e incidencias.
- **Memoria económica**, con **desagregación e explicación** de cada un dos gastos realizados para a realización das actividades, indicando que tales gastos teñen relación co obxecto do convenio. Todas as desviacións ou variacións con respecto ao proxecto económico presentado para a firma do convenio deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria.
- **Xustificantes de gasto por importe da totalidade da actividade (14.000 euros)**, que deberán estar debidamente cubertos e farán referencia ás actividades obxecto do convenio detalladas no proxecto de actividades e proxecto económico presentados no momento da sinatura do convenio. Estes xustificantes de gasto deben vir acompañados **dos xustificantes bancarios dos pagamentos** (transferencia bancaria, certificación





- bancaria, extracto de pagamento, movementos de tarxeta de crédito, etc.).
- Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, non supere os 300 euros. Neste caso, o pagamento xustificárase mediante a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión "recibín en metálico".
 - **Canto á forma de presentación**, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deben entregarse **clasificados** segundo os apartados da memoria económica presentada.

Para os efectos deste convenio, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao período de finalización da vixencia do convenio.

Non se considerarán xustificadas aqueles gastos que non cumpran o establecido nos parágrafos precedentes.

A totalidade do importe achegado pola Agadic está destinado a cubrir os custos das actividades conveniadas, segundo a memoria presentada, sen que haxa beneficio económico de ningún tipo por parte de Ulises Proyect, e en ningún caso existirá ánimo de lucro xerado polas actividades desenvolvidas nin beneficio industrial ningún.

Ulises Proyect ten a obriga de someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

OITAVA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Todo o material promocional e de difusión xerado pola realización das actividades e demais resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e de Ulises Proyect. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas as partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.


En calquera caso Ulises Proyect poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

NOVENA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.





DÉCIMA.- TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, Ulises Proyect acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA: MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizaranse entre elas os pagos e reintegros que procedan en relación cos gastos efectivamente executados pola entidade, debidamente xustificadas como se recolle na cláusula sétima, ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros, debidamente acreditados.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o **31 de outubro de 2018**.

DÉCIMO TERCEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

Será de aplicación no desenvolvemento deste convenio a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e, supletoriamente, os principios establecidos na lexislación de





contratos.

DÉCIMO QUINTA.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

POLA AGADIC

**POR ULISES PROYECT,
EVENTOS ESPECIALES SLU**

Jacobo Sutil Nesta

Director

(P.D. do Presidente do Consello Reitor
da Agadic, DOG 29/8/2012)

Carlos Domínguez Fernández

Administrador

